[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **3 de xuño de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
María Encarnación Amigo Díaz
(en substitución de María Deza Martínez)
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
María Magdalena Pérez Millares
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Silvia Longueira Castro
(en substitución de Julio Ernesto Abalde Alonso)
Carlos López Font

Comparecentes:
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Presidente do Ente Público Portos de Galicia

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

Asinado o día 18/06/2025 ás 16:07
Por Patricia García González

Asinado o día 17/06/2025 ás 09:45
Por Carmela González Iglesias

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Preguntas

1.1 21952 (12/POC-003612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a perda continuada de traballadores e traballadoras no sector marisqueiro e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 179f2, do 26.03.2025

A presidenta concédelle a palabra ao **señor López Font, Carlos (S)**, quen motiva as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figura na iniciativa coa reiteración dos argumentos que dela se fan por escrito e que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña**.

Na rolda de réplica o **señor López Font, Carlos (S),** comenta a información recibida e expón diversas consideracións en base a ela.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña.**

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Villaverde Acuña cos traballos da Comisión e autorízaa a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 24448 (12/POC-003948)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre a inexistencia de informes propios da Consellería do Mar respecto do impacto ambiental, social e económico sobre a ría de Arousa e o río Ulla derivado da instalación dunha fábrica de celulosa como a de Altri

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 193f2, do 02.05.2025

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se formulan na iniciativa e que están publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Patricia García Sánchez.**

En rolda de réplica, a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** manifesta o seu desacordo coas valoracións e datos aportados pola directora xeral, sobre os que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Patricia García Sánchez,** quen, logo de rebater algunhas das afirmacións realizadas pola señora deputada, puntualiza e amplía a información facilitada na súa anterior intervención.

A presidencia agradece a presenza da señora García Sánchez nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Comparecencia

2.1 18533 (12/CPC-000018)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do presidente de Portos de Galicia, por petición propia, para dar conta do balance da primeira fase da proposta de reversión ao Estado de terreos portuarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 148f1, do 30.01.2025

A presidenta, logo de darlle a benvida e explicarlle o desenvolvemento da sesión, concédelle a palabra, por un tempo aproximado de entre 20-30 minutos, ao **presidente do Ente Público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal**, que pasa a dar conta do balance da primeira fase da proposta de reversión ao Estado de terreos portuarios.

A seguir, a Presidencia abre unha rolda de grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos para da cada grupo, para formulación das preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra: o **señor López Font, Carlos (S), a señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)** -*quen comeza a súa intervención amosando o malestar do seu grupo pola continua inclusión de comparecencias nas ordes do día, o que está a interromper o traballo habitual de control e impulso por parte dos grupos parlamentarios*- **e o señor Fidalgo Alonso,**

PARLAMENTO DE GALICIA

Miguel (P), que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións a presidenta concédelle de novo a palabra ao **presidente do Ente Público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal**, quen contesta ás cuestións e consideracións formuladas.

Deseguido, ábrese unha segunda rolda de grupos parlamentarios para precisións, por un tempo de 5 minutos, na que interveñen novamente: o **señor López Font, Carlos (S), a señora Pérez Fernández, Rosana (BNG), e o señor Fidalgo Alonso, Miguel (P).**

Por último, intervén de novo **presidente do Ente Público Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal**, quen responde ás cuestións formuladas e con cuxa intervención se pecha o debate desta comparecencia.

Rematado o debate, a Presidencia agradece novamente a presenza e colaboración do señor Álvarez Vidal cos traballos desta Comisión, así coma dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:00 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto segundo da orde do día desta sesión.)

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

V. e pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión